

Gato valora positivamente a reunión con Javier Guerra sobre o futuro das Cámaras galegas

Ferrol. 28/01/2011. O presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Juan Gato, valorou positivamente o resultado da reunión que mantivo na tarde de onte —xunto cos seus homólogos das restantes cámaras galegas— co conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, especialmente na medida en que este amosou unha boa disposición para buscar solucións a un problema derivado dunha decisión na que a administración autonómica non tivo participación.

Gato critica, polo contrario, o desprezo que supón —para unhas entidades de máis de 120 anos de antigüidade e as únicas que representan a totalidade do tecido empresarial— “unha medida improvisada máis” do goberno de Rodríguez Zapatero, que introduce unha modificación substancial no sistema de financiamento cameral e que pon en perigo a súa continuidade.

O titular da consellería de Economía e Industria, que ostenta a tutela administrativa sobre as Cámaras, manifestou a súa dispoñibilidade para buscar novas fórmulas de colaboración, lamentando a precipitación e falta de consenso da norma do goberno central, que impide o normal desenvolvemento das funcións dos entes camerais e afecta tanto aos seus traballadores como ás empresas e usuarios receptores dos seus servizos.

Neste sentido, adiantou que vai pedir aos servizos xurídicos da Xunta que estuden a posibilidade de interpoñer un recurso por conflito de competencias.

Por outra parte, á proposta das Cámaras, vaise crear unha comisión mixta entre representantes destas entidades e da administración autonómica que se encargue de estudar posibles materias de colaboración que aproveiten as estruturas destas corporacións para a realización de encomendas de xestión específicas.

Tamén se tratará de buscar opcións de financiamento para que haxa continuidade de actuación en plans como o FOEXGA e outros programas de fomento da internacionalización, unha das prioridades da Consellería neste contexto de crise. De feito, Guerra destacou o papel insubstituíble das Cámaras neste eido.



Juan Gato manifestou, ademais, que as entidades camerais están a traballar para axustar os seus orzamentos e as súas estruturas á nova situación, coa posta en marcha de novos servizos diferenciados, algúns de carácter mancomunado, que permitan completar os ingresos procedentes das cotas voluntarias e das posibles encomendas de xestión.

O presidente da Cámara de Ferrol considera fundamental a colaboración da administración autonómica para asegurar o futuro, a medio e longo prazo, dunhas entidades que manteñen a súa condición de corporacións de dereito público cunha serie de funcións público-administrativas que non presta ningún outro organismo.

